

Luns, 6 de marzo de 2023

Núm. 45

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ILLA DE AROUSA, A

Persoal, oposicións

LISTADO DEFINITIVO ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PRAZA TÉCNICO XESTIÓN ECONÓMICA

ANUNCIO

Por Decreto de Alcaldía de data 02 de marzo de 2023 aprobouse a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo para a cobertura mediante oposición libre de 1 PRAZA DE TÉCNICO MEDIO DE XESTIÓN ECONÓMICA vacante na plantilla de persoal funcionario deste Concello, designación do Tribunal e data de constitución así como data de celebración do primeiro exercicio, que se transcribe a continuación:

“Vista a convocatoria e bases reguladoras do proceso selectivo para a cobertura definitiva de 1 PRAZA DE TÉCNICO MEDIO DE XESTIÓN ECONÓMICA, vacante na plantilla de persoal funcionario deste Concello, grupo A2, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 29 de setembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 193 de 07 de outubro de 2022, e extracto no Diario Oficial de Galicia nº 215 de 08 de novembro de 2022 e Boletín oficial do Estado nº 279 de 21 de novembro de 2022.

Vistas as solicitudes presentadas polos aspirantes.

Visto o Decreto de Alcaldía nº 2023-0002, de 05 de xaneiro de 2023, de aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos, con expresión das causas de exclusións, publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de A Illa de Arousa e na páxina web do Concello de A Illa de Arousa, e no que se establecía un prazo de dez días hábiles, contados a partires do seguinte o de exposición do mesmo, a efectos de enmenda de defectos ou omisións que motivaran a súa exclusión ou omisión.

Vistas as subsanacións de erros presentadas polos aspirantes provisionalmente excluídos.

Vista a quinta das bases reguladoras da bolsa de emprego, que dispón que mediante “rematado o prazo de emenda de defectos das solicitudes, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal (<http://www.ailladearousa.es/taboleiro-de-anuncios/>) a resolución declarando aprobada a relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo. Nesta mesma resolución determinarase a composición do tribunal cualificador, así como a data, lugar e hora de comezo dos exercicios”.

Por medio da presente



Luns, 6 de marzo de 2023

Núm. 45

RESOLVO

1.- Aprobar a seguinte lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo para a cobertura definitiva de 1 PRAZA DE TÉCNICO MEDIO DE XESTIÓN ECONÓMICA na plantilla de persoal funcionario deste Concello:

A) Aspirantes definitivamente admitidos:

APELIDOS E NOME	DNI
Alcalde Bermúdez, Xoán	***7714**
Alvarellos Leis, Patricia	***0108**
Cores Alfonso, Gemma	***0845**
Cores Vázquez, Monserrat	***7576**
Chapela Gallego, María Dolores	***3569**
González Vecín, Beatriz	***3245**
Lage Gómez, Manuel Roberto	***7843**
Lamoso Varela, Sara	***2767**
Meda Herbojo, Lucas	***8567**
Neira Cortizas, Carlos	***6591**
Pintos Castro, Nerea	***7978**
Santín Castro, Hugo	***8211**

B) Aspirantes definitivamente excluídos:

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN
Rodríguez Prado, Luis	***3576**	A

Causas de exclusión:

A.- Non presenta declaración xurada de acordo co disposto nas bases específicas 6 c), d), e)).

2.- O Tribunal de selección estará composto por:

Presidente:

- Titular: Daniel Angel Lamas Bello, Secretario-Interventor do Concello de A Illa de Arousa.
- Suplente: María Carmen Merino Moína, Secretaria do Concello de Meis.

*Vocais:**Titulares:*

- 1º vocal: María Barreiro Tosar, Técnica Medio de xestión Tributaria do ORAL.
- 2º vocal: María José Pérez Álvarez, Xefa do Servizo de Xestión orzamentaria e Contabilidade do ORAL.
- 3º vocal: Manuel Carramal Silva, Técnico de Administración Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.



Luns, 6 de marzo de 2023

Núm. 45

Suplentes:

- 1º vocal: José Fernández López, Xefe do Servizo de Orzamentos, Plan e Urbanismo da Deputación Provincial de Pontevedra.
- 2º vocal: Pilar Rivas Álvarez, Técnica Media de Xestión de Administración Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.
- 3º vocal: Marcos Areán González, Técnico de Administración Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Secretario:

- Titular: María José Parada Portas, Técnica de Persoal e Emprego do Concello de Cambados.
- Suplente: Manuel Rodríguez de Vicente-Tutor, Secretario do Concello de Cambados.

3.- A constitución do Tribunal terá lugar o XOVES 16 DE MARZO DE 2023 ÁS 10,00 HORAS na Casa do Concello de A Illa de Arousa.

4.- Convócase a todos os aspirantes admitidos para a celebración da proba tipo test, debendo acudir os aspirantes provistos do Documento Nacional de Identidade, que terá lugar o XOVES 16 DE MARZO DE 2023 ÁS 11,00 HORAS na CASA DO CONCELLO sito na R/ Palmeira nº 25 de A Illa de Arousa.

5.- Os sucesivos anuncios relacionados con esta convocatoria publicaranse no Taboleiro de Anuncios municipal e no taboleiro de anuncios da web do Concello (<http://www.ailladearousa.es/taboleiro-de-anuncios/>).

6.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal (<http://www.ailladearousa.es/taboleiro-de-anuncios/>).

Na Illa de Arousa.

O ALCALDE

Asdo. Carlos Iglesias Cores

